



SUBVENCIÓN PARA A CREACIÓN DE NOVOS PROXECTOS DE EQUIPAMENTOS TÉRMICOS DE BIOMASA A PARTICULARES.

Bases reguladoras das subvencións a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

RESOLUCIÓN do 23 de decembro de 2015 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa destinadas a particulares, e cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria anticipada para o ano 2016 (IN417H, INA17I)

http://www.inega.es/sites/default/descargas/subvencions/SubvencionsPDF/AnuncioO3G1-231215-0004_gl.pdf

PRAZO PRESENTACION DE SOLICITUDES:

- Para as entidades colaboradoras 15/01/2016 ata o 05/02/2016.
- As solicitudes tramítanse dende o 08/02/2015 - ata o 08/03/2015 polas entidades colaboradoras.

Na páxina web do Inega (www.inega.es) estará dispoñible unha listaxe de entidades colaboradoras adheridas a convocatoria de axudas para equipos térmicos de biomasa.

FORMA DE PRESENTACION DAS SOLICITUDES:

- Vía electrónica: a través do formulario electrónico normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es> desde a páxina web do Inega (<http://www.inega.es>)
- En soporte papel, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

O formulario de solicitude (anexo II) só poderá ser cuberto e confirmado acudindo á aplicación informática dispoñible no citado enderezo electrónico.

OBXETO DA SUBVENCIÓN:

O obxecto destas subvencións é apoiar proxectos promovidos polos particulares e as súas agrupacións e asociacións con fins de aforro enerxético e fomento do uso das enerxías renovables. Os proxectos limitaranse a instalacións para o queceamento dun fluído mediante equipamentos que utilicen biomasa como combustible.

BENEFICIARIOS:

Poderán acceder á condición de beneficiarios das presentes subvencións;


As persoas físicas de dereito privado, propietarios o titulares de calquera dereito sobre inmobles de dereito residencial, comunidades ou mancomunidades de vecinos.

SERÁN SUBVENCIÓNABLES:

- O custo do equipamento térmico e os seus accesorios principais do mesmo (sistema de regulación e control, sistemas de limpeza, depuración de fumes , extracción cinzas).
- Resto de accesorios da instalación para o correcto funcionamento de sistema.
- O custo do sistema de almacenamento do combustible.
- O custe do sistema de alimentación do combustible.
- O custe de montaxe e conexiónado.

O IVE, excepto cando non sexa recuperable conforme a lexislación nacional sobre IVA.

En todo caso, os beneficiarios que gocen da exención do IVE, deberán acreditar esta circunstancia mediante a presentación do correspondente certificado emitido pola administración tributaria.



INTENSIDADE DE AXUDA:

- A intensidade máxima da axuda, segundo tipo de beneficiario, será do 50 %.
- A contía máxima da axuda por proxecto será de 50.000 €
- A contía máxima por entidade colaboradora será de 120.000 € e o número máximo de proxectos subvencionados 30.

DATA LÍMITE DE XUSTIFICACIÓN: 30 de Septiembre de 2016 (inclusive).

MAIS INFORMACIÓN:

- **Na páxina web do Inega** (www.inega.es).
- **No teléfono** 981 54 15 00 (Inega).
- **Presencialmente**, no Inega (rúa Avelino Pousa Antelo, 5. San Lázaro. 15703 Santiago de Compostela), previa cita no teléfono 981 54 15 00.

